


Xulgar - arbitrar - mediar - negociar

▪ XULGAR :



É un procedemento que ten por obxectivo dilucidar a responsabilidade dunha ou varias persoas en relación a un feito. Un/ha xuíz/a resolve o conflito conforme ás normas legais.

▪ ARBITRAR:




Neste caso as partes que teñen un conflito entre si, ceden a un terceiro, un árbitro (ou varios) a capacidade de decidir sobre a controversia. Ao acudir a un árbitro as partes optan por un procedemento privado de solución, en lugar de acudir ante os tribunais.

A arbitrase pode ser de dereito ou de equidade:

- ✓ Na arbitrase de dereito, o árbitro é un/ha abogado/a e chega a resolución mediante razoamentos xurídicos, é dicir, aplicando a normativa xurídica.
- ✓ Na arbitrase de equidade, o árbitro é un experto na materia do conflito e emite a decisión conforme a usos, os costumes e a criterios de xustiza.

- MEDIAR:



É un medio alternativo de solución das controversias, neste caso, un terceiro neutral e imparcial, trata de acercar ás partes que teñen o conflito, para que cheguen a un acordo, que sempre debe ser produto da súa vontade.

- NEGOCIAR:



As partes en conflito buscan a solución ao mesmo mediante o diálogo entre elas, sen a intervención dun terceiro no proceso.